

MÁIS REFORMAS DO PP

PARA CREAR MÁIS POBREZA

No último mes o Partido Popular implantou tres reformas nos dereitos do traballo que causarán máis pobreza e discriminación entre a clase traballadora.

DECRETO PARA A CONTRATACIÓN DA MOCIDADE

- Con importantes axudas ás Empresas e menos ingresos na Seguridade Social, o Goberno autoriza con carácter xeral a contratación de menores de 30 anos con salarios inferiores á 500€ e en moitos casos sen dereito á prestación de desemprego.
- Permite que as empresas poidan facer estes contratos aínda que despedirán anteriormente a outros traballadores por calqueira causa. Por tanto poderán substituír a un traballador antigo e maior por varios traballadores novos, precarios e baratos.
- Permitir que as ETTs poidan facer tamén estes contratos baratos e pagar con diñeiro público a empresas privadas para que xestionen estes contratos en substitución do INEM. (empresas amigas do PP)

AUTORIZAN AS MUTUAS PARA DAR ALTAS DE ENFERMIDADE

Presentan un borrador de decreto para que as mutuas dean altas nas IT por enfermidade. Deste xeito o criterio parcial e interesado das mutuas precipitará a alta de persoas que non estean curadas, co risco para a saúde e maior indefensión ante un despido por non estaren en condicións de traballar. Xa sabemos como funcionan as mutuas.

REFORMA DE PENSIÓNS ANTICIPADAS, VOLUNTARIAS OU FORZOSAS E GOLPE AO DEREITO DE SUBSIDIO PARA MAIORES DE 55 ANOS

Aumentan a idade para xubilarse anticipadamente e penalizan os coeficientes de tal xeito que o desconto na pensión é moito maior; aínda que non sexa por causa imputada ao traballador ou traballadora. Aquelas persoas maiores despedidas ou afectadas por EREs de extinción ou peche de empresa que non atopan traballo serán as especialmente castigadas.

Afectará tamén os traballadores e traballadores dos oficios máis duros, e sempre tamén con menor salario que teñen limitacións físicas ou incapacidades e que non poden seguir traballando.

O ano pasado o PP xa reformou o subsidio daquela para maiores de 52 anos, elevouno a 55 e reduciu a cotización para a pensión. Agora deixarán centos de miles de traballadores e traballadoras sen poder cobrar esta prestación e sen cotización para a pensión ao esixirlle unha renda familiar inferior a 967€.

Atacan os pobres, os desempregados, a clase traballadora, reducindo gasto social para darllo á banca, aos seus amigos, aos ricos, para alimentar a corrupción no seu propio partido.

Temos que paralos ou non teremos futuro.

Mobilizáte coa CIG



Confederación Intersindical Galega